



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 12 de xullo de 2018**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día doce de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(757).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(758).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 21847/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3/07/18 e o informe de fiscalización 11/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 27 de marzo de 2018, a Concelleira de Educación resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria para a xestión das Escolas Infantís Municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 26/03/2018.
- Resolución da Concelleira de Educación de 27/03/18 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 02/04/18, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 02/07/18, con correccións suxeridas polo servizo de Contratación
- Informe de data 03/07/18 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 03/07/18, redactado polo servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nelas, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 524.811,18 euros

Aplicacións orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.12 “EIM Tomás Alonso”

3230.227.99.13 “EIM Bouzas-Casiano Martínez”



## Concello de Vigo

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 02/04/2018 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 03/07/2018 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 2.099.244,72 euros (71.565,16 € na anualidade de 2018, 524.811,18 € nas anualidades de 2019, 2020 e 2021, e 453.246,02 € na anualidade de 2022) para a contratación dos servizos para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, por procedemento aberto, con cargo ás partidas presupostarias 3230.227.99.12 ("EIM Tomás Alonso"), 3230.227.99.13 ("EIM Bouzas-Casiano Martínez"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(759).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO-2018. EXPTE. 7434/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 6/07/18 e o informe de fiscalización do 11/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/06/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 11 de xuño de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación cultural Interfolc, para a organización do XXIV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación cultural Interfolc está en condicións de organizar o XXIV Festival folclórico internacional, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do Festival se desenvolverá entre os días 17 e 22 de xullo de 2018, ambos inclusive, con animacións de rúas, cinco actuacións en barrios ou parroquias do termo municipal e un acto final cun desfile no centro da cidade, encadrándose así mesmo dentro do programa “Vigo en Festas 2018”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional, á cidadanía.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional".

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 90.536,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo II do convenio), ascenden a 63.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión do festival.

O éxito de público que se vén acadando tras as sucesivas edicións do festival, fai conveniente regular mediante as Bases de participación, Convocatoria e Solicitudes de actuacións das entidades ou asociacións interesadas no festival (que se achegan como anexo I ao convenio). No caso de incumprimento destas bases por parte das entidades beneficiarias, estas perderán o dereito a participar nas dúas seguintes edicións do festival.

O presente convenio inclúe as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade, para seren aprobadas xunto a el. As solicitudes para estas actuacións realizaranse en impreso normalizado, a través do Rexistro xeral, ben directamente, ben por calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e nas web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). No caso de haberen máis solicitudes que espectáculos ofertados, seguiríanse os criterios de selección estipulados na base terceira.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc, CIF B-36.892.271, para a organización do XXIV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

2º.- Que se aproben as Bases de participación e a correspondente Convocatoria para o XXIV Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

3º.- Que se autorice un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación cultural Interfolc, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional-Interfolc) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO.**

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil dezaioito.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Asociación cultural Interfolc, C.I.F. G-36.892.271 e enderezo social na rúa Romil nº 12 - 1ºC



## Concello de Vigo

Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 6882/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### MANIFESTAN

**I.-** Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XXIV edición do Festival folclórico internacional de Vigo, que se desenvolverá entre os días 17 ao 22 de xullo de 2018, ambos inclusive, dentro do programa “**Vigo en Festas 2018**” por cinco barrios da cidade e un acto central. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver o Festival folclórico internacional, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Asociación cultural Interfolc ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

**IV.-** O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa “Festival folclórico internacional”.

**IX.-** A Asociación cultural Interfolc non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7434/335.

**X.-** As Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación cultural Interfolc comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da programación do XXIV Festival folclórico internacional e, en particular a:

1º. Organizar e xestionar o programa do XXIV Festival folclórico internacional que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 actuación de vinte minutos dun grupo do barrio que acolle a actuación, ou de dous grupos do barrio cunha duración de dez minutos cada unha.
- 3 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade.
- 1 actuación central no Teatro de Afundación coa participación dos tres grupos internacionais e a participación das 3 agrupacións folclóricas integrantes da Asociación cultural Interfolc.
- Desfile dos grupos participantes o día do acto central polas rúas García Barbón e Policarpo Sanz as 20:00 horas.

O custo total do programa ascende a 90.536,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2º. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3º. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4º. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais descentralizados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas Bases de participación, que figuran





## Concello de Vigo

no anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ao respecto ao persoal técnico do Servizo de Festas.

5º. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

6º. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.

7º. Contratar o aluguer do Teatro Afundación para o desenvolvemento do acto central, así como o persoal necesario.

8º. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

9º. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

10º. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

11º. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.

12º. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.

13º. Contratar os servizos de Cruz Vermella naqueles casos que sexan necesarios.

14º. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

15º. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 13314000073567/1 con Reale Seguros Generales SA, que xa consta no expediente. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao Concello copia desta póliza antes do inicio do festival.

16º. Organizar o acto de recepción oficial aos grupos participantes no festival e o acto central, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.

17º. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.

18º. Cumprir as Bases de participación no Festival.

19º. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do Festival.

20º. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento do acto central, así como a reserva doutros espazos que sexan necesarios.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.
2. Deseñar e editar o material gráfico correspondente ao Festival (500 exemplares de Carteis, 3.500 exemplares de Trípticos informativos do programa e as Invitacións ao acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico do Servizo de Festas.
3. Conceder directamente á Asociación cultural Interfolc unha subvención para a XXVIII edición do Festival folclórico internacional por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES69 2080 5100 1630 0009 2046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



## Concello de Vigo

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do



## Concello de Vigo

obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** As actuacións folclóricas con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, e o acceso ás mesmas será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren as actuacións.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as

subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

#### BASES DE PARTICIPACIÓN PARA AS SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO "XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO".

**Primeira.-** O Servizo de Festas da Concellaría de Festas e Turismo e a Asociación cultural Interfolc, en adiante "Comisión organizadora", están a programar o "XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO", creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular á cidadanía.

Por este motivo, ofértanse a aquelas entidades interesadas, un espectáculo folclórico que terá lugar entre os días 17 e 22 de xullo de 2018 (estando o día 21 de xullo reservado para o acto central).

O número máximo de beneficiarios de actuacións para a presente edición queda limitado a cinco.

**Segunda.-** Poderán inscribirse todas as entidades sen ánimo de lucro e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Entidades non lucrativas de carácter sociocultural e veciñal que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.
- b) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos obxectivos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

**Terceira.-** As entidades interesadas en concorrer a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ou ben por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



## Concello de Vigo

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días a partir da publicación desta convocatoria.

Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e nas web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Como criterios de selección establécense:

- a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;
- b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:
  - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.
  - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.

Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio, parroquia ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

**Cuarta.-** En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado pola Comisión organizadora poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria. No caso de existiren na proximidade outras instalacións recreativas e atraccións deberan permanecer co volume dos alt falantes apagados.

**Quinta.-** As entidades beneficiarias, xunto co recinto de actuación proposto, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 "vatios".
- c) Cadeiras para o público asistente conforme ao aforo do lugar.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Divulgar e promocionar o evento, así como distribuír o material gráfico que se remita dende a Comisión organizadora para difundir o evento, e incluír os logotipos do Concello de Vigo, da Asociación Interfolc e da entidade beneficiaria naquel material gráfico e audiovisual que esta edite.
- f) Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros con ocasión do festival.
- g) Comunicar á comisión organizadora calquera actividade protocolaria fóra de programa.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola beneficiaria posteriormente á realización da inscrición (escenario, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "OBSERVACIÓNS" do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar a tal efecto. A presentación da solicitude de participación supón a aceptación das presentes bases xunto co compromiso da entidade de cumprir coas necesidades e requisitos indicados.

**Sexta.-** Os membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Festas e Turismo a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución da concelleira, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

**Sétima.-** A Comisión organizadora achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

- a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.
- b) Dous grupos folclóricos.
- c) Elementos de difusión e publicidade (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.
- d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.
- e) Presentador/a do acto, facendo mención breve ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidades que colaboran na execución do programa.

**Oitava.-** A entidade beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.

**Novena.-** A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

**Décima.-** Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de dez minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Comisión Organizadora no prazo de 15 (quinze) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

**Décimo primeira.-** A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Comisión Organizadora, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

**Décimo segunda.-** Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria deberá formalizar a "certificación de execución" da actuación, que lle será facilitada pola Comisión organizadora, con indicación das posibles incidencias e suxestións relativas á súa produción.





## Concello de Vigo

**Décimo terceira.-** No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

**Décimo cuarta.-** A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

#### XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO

D/ Dna, _____ NIF _____ en representación da entidade denominada _____
CIF _____ ENDEREZO _____ N ° _____
CP _____ TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____
<b>Nome do/a coordinador/a da actividade:</b> _____
TFNO _____ CORREO ELECTRÓNICO _____

**SOLICITA** a súa inscrición no “XXIV Festival Folclórico Internacional de Vigo” e **DECLARA** coñecer e aceptar as bases de participación.

#### DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:

⇒ LOCALIZACIÓN: _____
⇒ ESCENARIO: Ancho: _____ Fondo: _____ Alto: _____
⇒ INSTALACIÓN ELÉCTRICA: a) <input type="checkbox"/> Xerador <input type="checkbox"/> Enganche eléctrico oficial. b) Potencia máxima: _____ W
⇒ AFORO DO RECINTO: _____
⇒ CAMERINOS: a) <input type="checkbox"/> Fixos <input type="checkbox"/> Eventuais. b) Número: _____ c) Capacidade: _____

⇒ DATA PREFERENTE: 17, 18, 19 ,20 e 22 xullo. (sinalar unha ou varias opcións)

⇒ OBSERVACIÓNS: \_\_\_\_\_

---

Vigo, de de 2018

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

**EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.**

De acordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que figuran nesta comunicación están incluídos nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Vigo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poderán dirixirse en calquera momento á devandita entidade, na Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo.



**Concello de Vigo**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN**

**XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO**

D/ Dna, _____ NIF _____
<b>En representación da entidade denominada</b> _____
CIF _____ ENDEREZO _____ NUM _____
CP _____ TFNO _____ CORREO E _____
<b>Nome do/a coordinador da actividade:</b> _____
TFNO _____ CORREO E _____

**EXPÓN:**

1º.- Que o pasado día ..... de xullo, ás ..... horas, se realizou no ..... o XXIV Festival folclórico internacional.

2º.- Que durante a celebración do mesmo tivo lugar a actuación das seguintes agrupacións folclóricas: .....  
.....

3º.- Que a organización e desenvolvemento do festival  SI /  NON se realizaron con total normalidade e de conformidade co programa previsto.

**OUTRAS OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS:** .....  
.....  
.....  
.....  
.....

Vigo, de de 2018

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE,

Asdo. ....

#### **4(760).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE RAPHAEL NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 7424/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 10/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 6/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de RAPHAEL no auditorio de Castrelos.

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da actuación artística a cargo do cantante nacional “RAPHAEL” a celebrar o día 2 de agosto de 2018, as 23:00 horas no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, con motivo do Programa “Vigo en Festas 2018” (expediente nº 7424-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de xuño de 2018 asinado pola Técnica de Xestión do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 27 de xuño de 2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 88.935,00 € (correspondendo 15.435,00 € ao iver) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** O 6 de xullo de 2018 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 6 de xullo de 2018 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido para o efecto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** O 6 de xullo de 2018, reúnen-se a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión *"Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a SWEET NOCTURNA, S.L."* A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA". Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SWEET NOCTURNA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 28 de xuño de 2018 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L. procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de RAPHAEL no auditorio de Castrelos (7424-335) por un prezo total de 88.935 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.435 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(761).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A VENDA DA PARCELA MUNICIPAL Nº 3.928 DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19.989/240.**

Dáse conta da proposta asinada con data 11/07/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de xullo de 2018 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240) na seguinte orde descendente:



## Concello de Vigo

Licitador	Puntuación total
ATTICA 21 HOTELES, S.-L.U.	92

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATTICA 21 HOTELES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(762).- SOLICITUDE RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS. EXPTE. 31205/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 10/07/18, dáse conta do informe-proposta do 30/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En data 29/08/2017, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, acordou, nomear funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Conductor-Bombeiro, aos aspirantes propostos polo Órgano de Selección e aos funcionarios nº persoal 83719, 83720, 83721 por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación.

II.- En data 07/09/2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolveu constituír unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de tres funcionarios de carreira con cargo ás prazas de condutor bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos aspirantes que, tendo aprobada a oposición e foron nomeados en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, unha vez superen o curso selectivo contemplado na base VII das específicas”.

III.- En data 17/11/2017 dita Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de condutor bombeiro incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2013 e aos actuais funcionarios nº persoal 83719, 83720, 83721, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria.

**IV.-** En data 14/12/2017, a Xunta de Goberno Local acorda nomear funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Conductor-Bombeiro incluídas na OEP 2013, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, extraordinaria e urxente, de data 29/08/2017, aos citados funcionarios en practicas, debendo tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

**V.-** En data 29/12/2017, o funcionario municipal nº persoal 83721, presentou escrito (nº doc 170182653) solicitando “que se me abone la parte de la nómina no cobrada de los tres meses y hasta la actualidad, ya que he desempeñado servicio activo en este Concello, lo que quiere decir, en tu turno correspondiente y en las salidas que correspondan por día de trabajo, y por lo tanto, me corresponde el 100% de las retribuciones”.

Na mesma data se presenta escrito o Comité de Persoal (nº doc.170182757), solicitando que “previos os trámites que correspondan e en base ao establecido no citado RD, se proceda ao pago das retribucións complementarias (CD-CE) aos citados 3 condutores bombeiros.

**VI.-** En data 16/01/2018 a Xefatura do S.E.I.S informa que os devanditos funcionarios en practicas, adscritos na actualidade ao posto num. 133- condutor bombeiro, no Servizo de Extinción de Incendios; desenvolveron as mesmas funcións, labores e horarios que o resto de traballadores do servizo, dende a data 7/10/2017 ao 26/12/2017, estando aínda en período de prácticas, e realizando as mesmas funcións e horario que o resto de compañeiros (quendas de 24 horas).

**VII.-** En data 23/05/2018 a Técnica de Formación e Avaliación emite informe no que consta que “as diferencias retributivas entre os postos de condutor-bombeiro en prácticas e condutor bombeiro (funcionario en propiedade) corresponderíanse cos complementos de Destino e Específico.

Os importes anuais do CD e CE do posto 133 ascenden no ano 2017 a cantidade de 4997,50€ e 19779,46€ respectivamente polo que polo período 7/10-26/12/2017, corresponderíalle , de así considerarse, a cantidade unitaria de 5.505,99 € , supoñendo un total de 16.517,97 €.”

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**I.-** Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.

**II.-** RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

**III.-** RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**





## Concello de Vigo

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación del las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: “Las retribuciones básicas de los **funcionarios locales** tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

*Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.*

*Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”*

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 rectifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar sentido, a **STJG de 15 de febrero de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

#### **III.- Funcionarios en prácticas.-**

Son funcionarios en prácticas aquellos que se encuentran en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de cara a su posterior incorporación a la función pública.

De conformidad con lo establecido en el artículo 26 del TRLEBEP, "Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar"

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, por el que se fijan las retribuciones de los funcionarios en prácticas, tras su nombramiento como tales, "percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

No obstante, el artículo 2 del citado Real Decreto "Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por



## Concello de Vigo

percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

**a)** Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.

**b)** Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

### **IV.- Aplicación ao caso concreto.-**

No presente caso e tal como se expuxo nos antecedentes de este informe temos a seguinte secuencia temporal dos feitos que son imprescindibles para resolver a cuestión planteada: en data 29/08/2017, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, acordou, nomeou funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Conductor-Bombeiro, aos aspirantes propostos polo Órgano de Selección e aos actuais funcionarios nº persoal 83719, 83720, 83721 por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación. En data 07/09/2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolveu constituír unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de tres funcionarios de carreira con cargo ás prazas de conductor bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos aspirantes que, tendo aprobada a oposición e foron nomeados en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, unha vez superen o curso selectivo contemplado na base VII das específicas”. O día 17/11/2017 dita Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de conductor bombeiro incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2013 e aos actuais funcionarios nº persoal 83719, 83720, 83721, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria, e finalmente na data 14/12/2017, a Xunta de Goberno Local acorda nomear funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Conductor-Bombeiro incluídas na OEP 2013, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, extraordinaria e urxente, de data 29/08/2017, aos citados funcionarios en practicas, debendo tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

Na data 29/12/2017, o funcionario municipal nº persoal 83721, presentou escrito (nº doc 170182653) solicitando “que se me abone la parte de la nómina no cobrada de los tres meses y hasta la actualidad, ya que he desempeñado servicio activo en este Concello, lo que quiere decir, en tu turno correspondiente y en las salidas que correspondan por día de trabajo, y por lo tanto, me corresponde el 100% de las retribuciones”.

Na mesma data se presenta escrito o Comité de Persoal (nº doc.170182757), solicitando que “previos os trámites que correspondan e en base ao establecido no citado RD, se proceda ao pago das retribucións complementarias (CD-CE) aos citados 3 condutores bombeiros.

En data 16/01/2018 a Xefatura do S.E.I.S informa que os devanditos funcionarios en practicas, adscritos na actualidade ao posto num. 133- condutor bombeiro, no Servizo de Extinción de Incendios; desenvolveron as mesmas funcións, labores e horarios que o resto de traballadores do servizo, dende a data 7/10/2017 ao 26/12/2017, estando aínda en período de prácticas, e realizando as mesmas funcións e horario que o resto de compañeiros (quendas de 24 horas).

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto**, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contraditorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou actitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado postos de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivera referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do xefe de bombeiros o cal informou literalmente no seguinte senso “que desenvolveron as mesmas funcións, labores e horarios que o resto de traballadores do servizo, dende a data 7/10/2017 ao 26/12/2017, estando aínda en período de prácticas, e realizando as mesmas funcións e horario que o resto de compañeiros (quendas de 24 horas)”. Así as cousas isto implica unha orde por vía dos feitos por parte dun superior que habilitaría ao desenvolvemento das funcións por parte dos solicitantes (funcionarios nº persoal 83719, 83720, 83721), funcións por outra parte, que non



## Concello de Vigo

parecen ocasionais nin descontinuas, se non que se estenderon- segundo o informado- dende o 7/10/2017 ao 26/12/2017, coincidindo co período reclamado polos solicitantes.

En consecuencia, procede estimar as solicitudes presentadas polo funcionario municipal nº persoal 83721 (nº doc 170182653), e o Comité de Persoal (nº doc.170182757), acordando o dereito dos funcionarios de carreira nº persoal 83719, 83720, 83721 a percibir o abono das diferencias retributivas entre os postos de condutor-bombeiro en practicas e condutor bombeiro efectivamente desenvolvido -retribucións complementarias (CD-CE)-, durante o período comprendido entre o 7/10/2017 ao 26/12/2017.

En canto a contía que correspondería satisfacer por aplicación do apartado segundo do artigo 1º de RD 456/1986 (el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto), e segundo consta no informe de data 23/05/2018 da Técnica de Formación e Avaliación anexo ao expediente, "as diferencias retributivas entre os postos de condutor-bombeiro en practicas e condutor bombeiro (funcionario en propiedade) corresponderíanse cos complementos de Destino e Específico.

Os importes anuais do CD e CE do posto 133 ascenden no ano 2017 a cantidade de 4.997,50€ e 19.779,46€ respectivamente polo que polo período 7/10-26/12/2017, corresponderíalle, de así considerarse, a cantidade unitaria de 5.505,99 € , supoñendo un total de 16.517,97 €."

### **V.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Estimar as solicitudes presentadas polo funcionario municipal nº persoal 83721 (nº doc 170182653), e o Comité de Persoal (nº doc.170182757), acordando o dereito dos funcionarios de carreira nº persoal 83719, 83720, 83721 a percibir o abono das diferencias retributivas entre os postos de condutor-bombeiro en practicas e condutor bombeiro efectivamente desenvolvido -retribucións complementarias (CD-CE)-, durante o período comprendido entre o 7/10/2017 ao 26/12/2017.

**SEGUNDO.-** En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 5.505,99 € a cada un dos funcionarios de carreira, nº persoal 83719, 83720, 83721, supoñendo un total de 16.517,97 €.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes, ao Xefe do Servizo de Bombeiros e ao Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade aos efectos de reorientación do servizo, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(763).- CAMBIO DA TITULARIDADE DO RESPONSABLE DO CONCELLO DE VIGO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTE DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES. (RESOLUCIÓN DE 4 DE DECEMBRO DE 2017, DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RED.ES). EXPTE. 5.599/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/07/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **1.- Antecedentes:**

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, por resolución do Alcalde de Vigo de data 9 de xullo de 2018, procede a deixar sen efecto o nomeamento de D. David Regades Fernández como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo por mor do nomeamento citado. Así mesmo na mesma resolución da Alcaldía, procedese a nomear como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

En relación co nomeamento anterior, por resolución do Alcalde de Vigo de data 9 de xullo de 2018, procedese a modificar a delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras de data 19/06/2015, deixando sen efectos o nomeamento do Concelleiro D. David Regades Fernández, e procedese a nomear como concelleiro da AREA DE FOMENTO LIMPEZA E CONTRATACIÓN ao 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira e así mesmo indicase que o mesmo exercerá a titularidade de todas as competencias que mediante sucesivas resolucións puntuais da Alcaldía foron delegadas en D. David Regades Fernández.

#### **2.- Nomeamento da Xunta de Goberno Local como responsable DO CONCELLO DE VIGO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DO PLAN**



## Concello de Vigo

### NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES

En relación a participación do Concello de Vigo na CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 26 de xuño de 2018, entre outros asuntos acordou "Nomear ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández., como responsable do PROXECTO "PILOTO DE EDIFICIOS INTELIXENTES CONCELLO DE VIGO" a presentar polo Concello de Vigo non marco da CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES, e de forma específica a os efectos de:

- a) Coordinación os traballos entre os distintos servizos municipais para a redacción e contidos final do proxecto a presentar de acordo coas características do proxecto definidas non apartado II.1.- da parte expositiva do presente acordo.
- b) Conformar vos documentos de colaboración necesarios para a inclusión dos edificios que non sexan de titularidade municipal, de acordo cos condicionantes determinados na convocatoria e indicados no apartado II.1.a1) da parte expositiva do presente acordo.
- c) Desenvolver todas aquelas xestións no ámbito político e administrativo para a correcta tramitación do presente proxecto, así como a tramitación electrónica da súa presentación a través da sede electrónica de Red.es

#### 3.- Proposta:

A vista dos antecedentes descritos sobre os cambios na titularidade da Segunda Tenencia de Alcaldía, na Concellería de Fomento, Limpeza e Contratación, e o nomeamento da Xunta de Goberno Local en relación PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES L, procede propoñer a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Tomar coñecemento os efectos do "nomeamento como responsable do PROXECTO "PILOTO DE EDIFICIOS INTELIXENTES CONCELLO DE VIGO" para a presentación do Concello de Vigo a CONVOCATORIA DO PLAN NACIONAL DE TERRITORIOS INTELIXENTES DA AXENDA DIXITAL PARA ESPAÑA, PILOTOS DE EDIFICIOS INTELIXENTES" e as funcións indicadas sobre o mesmo", do cambio efectuado ao fronte da 2º Tenencia de Alcaldía e do Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, a favor de D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, de acordo coas resolución da Alcaldía de data 09/07/2018.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno queda informada.

**8(764).- CAMBIO DA TITULARIDADE DO RESPONSABLE DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADA MEDIANTE O PROGRAMA OPERTAIVO FEDER DE CRECEMENTO SUSTENTABLE 2014-2020, EN EXECUCIÓN DA ORDE HAP/2427/2015, DE 13 DE NOVEMBRO. EXPTE. 3702/440**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/07/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomea Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, por resolución do Alcalde de Vigo de data 9 de xullo de 2018, procede a deixar sen efecto o nomeamento de D. David Regades Fernández como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo por mor do nomeamento citado. Así mesmo na mesma resolución da Alcaldía, procedese a nomear como 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

En relación co nomeamento anterior, por resolución do Alcalde de Vigo de data 9 de xullo de 2018, procedese a modificar a delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras de data 19/06/2015, deixando sen efectos o nomeamento do Concelleiro D. David Regades Fernández, e procedese a nomear como concelleiro da AREA DE FOMENTO LIMPEZA E CONTRATACIÓN ao 2º Tenente de Alcalde do Concello de Vigo a D. Francisco Javier Pardo Espiñeira e así mesmo indicase que o mesmo exercerá a titularidade de todas as competencias que mediante sucesivas resolucións puntuais da Alcaldía foron delegadas en D. David Regades Fernández.

2.- Nomeamentos da Xunta de Goberno Local en relación a ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO.

En relación ao proxecto DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 12 de xaneiro de 2016, entre outros asuntos acordou “Nomear responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.”, dito acordo foi ampliado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2016, os efectos de desenvolver o “Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas”





## Concello de Vigo

### 3.- Proposta:

A vista dos antecedentes descritos sobre os cambios na titularidade da Segunda Tenencia de Alcaldía, na Concellería de Fomento, Limpeza e Contratación, e tende en conta os nomeamentos da Xunta de Goberno Local en relación o proxecto da EDUSI VIGO VERTICAL, procede propoñer a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Tomar coñecemento os efectos do “nomeamento como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais, así como en relación as obrigas para desenvolver o “Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas” o cambio efectuado ao fronte da 2º Tenencia de Alcaldía e do Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, a favor de D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, de acordo coas resolución da Alcaldía de data 09/07/2018.

Segundo: Dar conta do cambio como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, aos efectos indicados no apartado primeiro, as diversas areas de xestión vinculadas ao desenvolvemento da Estratexia DUSI VIGO VERTICAL.

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(765).- DAR CONTA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL ELABORADO POLOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS EN XUÑO DE 2018. EXPTE. 16022/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 9/07/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o director de Desenvolvemento Urbanístico e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. Mediante sentenza dictada polo Tribunal Supremo o día 10.11.2015 (rec. casación nº. 1658/2014) foi declarada a nulidade das orde da Conselleira da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do día 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (en diante, PXOM08) e do Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio do día 13.07.2009, de aprobación do documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do 16.05.2008, o que significou a reviviscencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 (en diante, PXOU93).

II. No mes de abril de 2017, os servizos técnico-xurídicos da XMU elaboraron, a petición do Xerente da XMU, o estudo previo previsto nos artigos 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (no sucesivo, LMFAO 2017) co fin de valorar a situación urbanística derivada da devandita declaración de nulidade.

III. O 21.04.2017, a Vicepresidenta da XMU resolveu dar tramitación ao referido estudo e solicitar os informes urbanístico e ambiental previsto no artigo 88.dous da LMFAO 2017, que tiveron entrada o día 20.06.2017 no Rexistro xeral da XMU (doc. 170090015).

IV. Con data 26.07.2017, o Pleno do Concello de Vigo aprobou o estudo de medidas provisionais de ordenación nomeado "*Estudo da Situación derivada da anulación do PXOM de Vigo pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 10.11.2015 no Recurso de Casación Nº 11658/2014*" de abril de 2017 e o seu complemento nomeado "*Complemento do Estudo previo de Ordenación provisional*" de maio de 2017, elaborado polos técnicos da XMU.

O día 03.11.2017 publicouse no DOG nº. 209 o anuncio do 17.10.2017 da dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no que se fai público o informe ambiental estratéxico do IOP do Concello de Vigo.

V. Obran no expediente os seguintes informes sectoriais: dirección xeral de aviación civil de data 30.05.2018, demarcación de estradas do Estado en Galicia de data 18.06.2018, servizo provincial de costas do Estado de data 28.03.2018, dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo de data 08.01.2018 e subdirección xeral de planificación ferroviaria (ADIF) de setembro de 2017 evacuado no período de consultas.

## **FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA**

### **I. Normativa examinada**

- Rdllex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSTRU)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG)
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO 2017)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- PXOU93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993

### **II. Obxecto do Instrumento de Medidas Provisionais (IOP).**

O instrumento urbanístico que nos ocupa é unha ferramenta posta a disposición das Administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos para que, nas circunstancias previstas na LMFAO 2017, podan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto non contén cun novo plan xeral aprobado definitivamente. Conseqüentemente, no presente caso, a ordenación urbanística a recuperar deberá ser coincidente coa prevista no PXOM08 e cos seus instrumentos de desenvolvemento, nos termos e sen outras excepcións que as previstas na propia LMFAO 2017. Así mesmo, corresponderalle ao órgano competente valorar a necesidade da



## Concello de Vigo

aprobación da proposta de IOP en atención ás singularidades deste instrumento, pois, malia tratarse dunha figura non prevista na LSG, ostenta a condición de instrumento de planeamento urbanístico aínda que revestido de certas singularidade, entre outras, a súa vocación de provisionalidade (só estará en vigor no prazo e condicións marcadas pola referida norma autonómica) e o seu carácter parcial (afectará só, no caso que nos ocupa, a concretos ámbitos e zonas de ordenanza).

Neste senso, o IOP elaborado polo servizos municipais propón unicamente recuperar a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Así pois, o instrumento que se eleva a aprobación inicial foi elaborado en observancia dos condicionantes impostos pola LMFAO 2017 e componse dos seguintes documentos: Memoria informativa e xustificativa, anexo 1 de normativa, anexo 2 de áreas de ordenación pormenorizada (AOP-02 Vista Alegre, AOP-03 Rosalía de Castro, AOP-04 Camilo J. Cela, AOP-08 Filipinas Couto, AOP-09 San Gregorio, AOP-11 Tomás A. Alonso, AOP-12 Pastora, AOP-13 Arquitecto Palacios, AOP-15 Porto de Canido, AOP-16 Povisa, AOP-17 Avda. Atlántida, AOP-20 Piteira e AOP-21 Cordelerías Mar I), anexo 3 de áreas de ordenación detallada (A-3-10 Esturáns e A-3-37 Tomás Paredes), anexo 4 Documento ambiental estratéxico, anexo 5 documental e planos da serie 1 a escala 1/10000 de clasificación de solo con servidumes aeronáuticas, planos da serie 1 de clasificación xeral do solo a escala 1/5000, planos da serie 2 a escala 1/2000: subserie 2 A de ordenación pormenorizada do solo urbano e subserie 2 B de superposición de ordenación pormenorizada sobre o PXOU93.

### III. Tramitación procedimental

De conformidade co establecido na LMFAO 2017, na súa relación coa LSG, unha vez recabados os informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recabaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

A continuación, emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO 2017.

Finalmente, o pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente, de ser o caso, o instrumento de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

Consonte ao disposto no artigo 87.dos da LMFAO 2017, o Concello que aprrobe instrumentos de ordenación provisional deberá presentar o borrador do novo instrumento de planificación no prazo dun ano, aprobalo inicialmente no de dous, provisionalmente no prazo de tres anos e seis meses, que se contarán, cada un deles, dende a data da publicación do acordo

de aprobación definitiva da IOP. Transcorridos estes prazos sen cumprirse tales trámites, o IOP aprobado esgotará a súa vixencia por ministerio da lei e quedará inmediatamente sen efecto. Neste senso, o Pleno do Concello de Vigo acordou en data 18.12.2015 proceder á elaboración dun novo planeamento xeral en substitución do PXOU93, téndose iniciado o procedemento para a contratación dos traballos.

#### IV. Suspensión de licenzas

De acordo co establecido no artigo 86.2 do RLSG, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará, por sí solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso de que as novas determinacións do mesmo supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente. As áreas afectadas pola suspensión, que terá unha duración máxima de dous anos, a contar dende a aprobación inicial, reflíctense no resumo executivo conformante da proposta de IOP.

Esta suspensión non afectará (artigo 86.3 do RLSG):

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás en caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan o aumento do volumen edificado.
- b) As licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e o IOP inicialmente aprobado.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos e actividades autorizados polo novo planeamento.

En tanto dure a suspensión de licenzas, poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do RLSG (artigo 47.5 da LSG).

#### V. Órgano competente

É competente para adoptar o correspondente acordo o Pleno do Concello de Vigo, habida conta de que se trata de recuperar a ordenación establecida nun instrumento de planeamento xeral cuxa aprobación tamén lle corresponde en virtude do establecido no artigo 123.i) da LRBRL e 61.2 da LSG.

Con todo, a presente proposta formúlase a respecto do cumprimento da LMFAO 2017 polo IOP de referencia, sen prexuízo dos informes a emitir polo polo interventor municipal e o secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo noutras materias en función das súas competencias.

Polo que antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO:



## Concello de Vigo

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o instrumento de medidas de ordenación tramitado no expediente 16022/411, elaborado polos servizos técnicos municipais e asinado electronicamente en xuño de 2018, nomeado V4. *Documento para aprobación inicial.*

SEGUNDO: Someter o instrumento inicialmente aprobado a información pública polo prazo de vinte días, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no Portal de Transparencia e na sede electrónica municipal. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais de terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, solicitaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais e as consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, transcorrido o que se entenderán emitidos con carácter favorable.

TERCEIRO: Declarar a suspensión, polo prazo máximo de dous anos, do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelamento, edificación e demolición nos ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supuxesen a modificación da ordenación urbanística vixente, nos termos previstos na lexislación vixente e de acordo co reflectido no resumo executivo incorporado ao instrumento de ordenación provisional inicialmente aprobado. Esta suspensión levantarse, en todo caso, unha vez aprobado definitivamente o dito instrumento.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 10/07/18, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adopta o seguinte acordo: elevar a presente proposta á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

Me/xs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez